

ANEXO B
INFORME DE RESULTADOS
ACTIVIDADES DE TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA 2009

Nº DE PROTOCOLO: 09/44

1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE:

Posta en funcionamento das TIC, a través do programa informático SIRPA, a través da rede, en explotacións leiteiras galegas, de produción convencional e ecolóxica.

2.- UNIDADE ADMINISTRATIVA ORGANIZADORA:

(centro de investigación/CFEA/OAC...)
CIAM MABEGONDO

3.- LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE: GALICIA

Enderezo:
Concello:
Provincia:

4.- RESPONSABLE: FERNANDO BARBEYTO NISTAL

Tif.:981 647902

5.- DATOS DO COLABORADOR:

Nome e apelidos: Asociación para a Desintensificación no Agro
Enderezo: Avda A Coruña, 238, 1, C
Concello: 27003 Lugo
Provincia: Lugo
NIF: G- 27369099

Tif.: 982803633

6.- INTRODUCCIÓN:

Dende fai anos, a Consellería do Medio Rural ven desenvolvendo un programa de análise dos resultados económicos das explotacións gandeiras de leite, a través de entidades coñecidas como Agrupacións de Xestión de Explotación (AXEs). Nestas agrupacións, a consellería, por unha parte, e os técnicos contratados, pola outra, son os que se encargan en maior medida de recoller os datos nas explotacións e de analizalos posteriormente.

Nun contexto de dificultades no sector leiteiro, onde as decisións tomadas polo responsable da explotación cobran cada vez maior transcendencia, e onde a redución de custos aparece como un factor clave, é cada vez máis necesario que os gandeiros e gandeiras podan tomar as súas decisións con rapidez e coñecemento. De alí xorde a idea de implicar máis a estas persoas na toma de datos e na análise dos mesmos, o que pretende o proxecto.

A tal efecto, o proxecto ten como meta permitir aos produtores colaboradores a recollida de información e o seu tratamento. Para isto, pon a súa disposición unha aplicación web na que cada explotación introduce os seus datos: parcelas, gando, ingresos e gastos, inventario.

O proxecto pon medios para que as explotacións podan ter acceso a internet e así usar o programa. Da unha formación tanto no emprego de internet como no propio uso do programa. Finalmente, analiza os datos obtidos, en tempo real.

7.- MATERIAL E MÉTODOS:

Material

- colaboración con 20 explotacións da Asociación para a Desintensificación no Agro (AEDA)

Nome	concello	provincia	produción
Fernandez Segade Xose Luis	Arzua	A CORUÑA	transición
gandeiría pear sc	Arzua	A CORUÑA	transición
Castro Vallo, Pilar	Arzúa	A CORUÑA	transición
Gandeiría Peteiro	Curtis	A CORUÑA	convencional
Ganadería Sebastián	irixoa	A CORUÑA	convencional
Porca Vidal, María do Carne	Irixoa	A CORUÑA	convencional
Rodríguez Coira, Francisco	Irixoa	A CORUÑA	convencional
Ramos Garea, Manuel	Melide	A CORUÑA	ecolóxica
Ganadería Pereira	Mesía	A CORUÑA	convencional
Veiga Legaspi Daniel	A Pastoriza	LUGO	convencional
Gandeiría Maire SC	A Pastoriza	LUGO	convencional
Ganadería Bargueiras S.C.	A Pastoriza	LUGO	ecolóxica
Rivas Lamas Angel	Friol	LUGO	ecolóxica
Casa Bertolo S.C.	Friol	LUGO	convencional
Alvarez Quintero Marta	Monterroso	LUGO	ecolóxica
Rodríguez Iglesias, Xose Ramon	Outeiro de Rei	LUGO	convencional
Rodríguez Salvaterra, Pablo Antonio	Ribadeo	LUGO	convencional
Sat San Román	Samos	LUGO	convencional
Ganadería Amor la Grandela	Tapia	ASTURIAS	transición

- programa informático SIRPA (www.sirpa.es). Achégase en anexo o manual do programa realizado para a difusión entre produtores, onde se poderán ver algunhas das pantallas do programa. Tamén é posíbel ter acceso a un exemplo de demostración, tecleando como usuario “demo1” e coa contrasinal “demo1”.

Métodos

O traballo contou con 5 fases.

FASE 1: avaliación acceso á rede

Nesta fase, avaliouse as posibilidades de acceso á banda ancha nas explotacións, vía ADSL ou cable. Tamén se avaliaron os niveis de cobertura coa tecnoloxía módem ofertada polas compañías de telefonía móbil.

FASE 2: conexión

Nesta fase, fixéronse as necesarias contratacións de servizos de internet para conectar as explotacións, até chegar a un total de 8 explotacións conectadas.

FASE 3: formación

Nun primeiro momento, fíxose unha avaliación do nivel de coñecemento dos produtores sobre os principios básicos de navegación pola rede. Se ben algunha persoa se manexe de xeito áxil, é de recoñecer que o nivel inicial de coñecemento era moi baixo. Precisábase, pois, da realización dunha formación especial. Realizáronse entón xuntanzas de formación coas explotacións con acceso á rede, co obxectivo de formar ás persoas no manexo do programa informático. Estas xuntanzas tiveron lugar en aulas equipadas con ordenadores persoais con acceso a internet (Fotografía 1), permitindo así á cada explotación a introdución dos seus datos. Pola outra banda, estes medios permitiron unha formación moi individualizada para cada nivel dos asistentes. Tamén se realizaron visitas ás explotacións, para que os números que aparecen en pantallas informáticas mostren a súa realidade tanxíbel (Fotografía 2).



Fotografía 1: Formación en aula informática



Fotografía 2: Formación colectiva con visita de explotación

FASE 4: introdución de datos

Nesta fase, o persoal técnico da asociación realiza visitas ás explotacións non conectadas para a recollida da información a meter no programa. Posteriormente, introduce os datos no programa, en oficina.

As explotacións conectadas inician elas mesmo a introdución de datos, que é posteriormente comprobada polo técnico.

FASE 5: análise de datos técnico-económicos

Introducidos os datos, procedese á súa análise mediante o programa.

8.- ANÁLISE DE RESULTADOS:

Os resultados son de dúas naturezas: sobre dispoñibilidade de internet nas explotacións e sobre os resultados técnico-económicos.

Internet en explotacións (fases 1 a 3)

En vista das posibilidades de conexión eficaz e economicamente dispoñíbel (menos de 500€ de instalación), obtivéronse os seguintes resultados:

Explotacións xa conectadas: 8

Explotacións sen posibilidades: 11

Ao inicio do proxecto, 6 explotacións dispoñían de banda ancha. O estudo da cobertura das explotacións permitiu conectar dúas explotacións máis. A falta de posibilidades de ter unha banda ancha suficiente, nalgún caso, ou o custo, noutros casos, fíxonos desistir do intento de conectar máis explotacións.

Para as explotacións sen conexión, realizouse unha procura na zona para atopar un sitio con conexión, ben sexa en entidades públicas, ben en cybercafés ou bares con wifi. Non entanto, esta solución no é axeitada para a maioría das explotacións, dado que:

- obriga a un desprazamento
- obriga a levar documentación, o que leva parello esquecementos de documentación e posíbel perda de documentos
- hai certo rexeitamento en canto á protección de datos de carácter persoal.

En definitiva, a conexión ao programa en lugares públicos non recibe de momento moita aceptación

Tras a fase de formación, os produtores conectados están capacitados para conectarse ao programa e entrar co seu usuario para iniciar a introdución de datos. Debese precisar que a fase de formación non esta rematada, dado que a maior dispoñibilidade dos produtores para as labores formativas acontece nos meses de outono e inverno. A maioría das sesións formativas quedan planificadas para os meses de decembro a febreiro.

En vista da evolución dos alumnos, e tamén das dificultades para xunta-los en sesións comúns, decidiuse realizar un especial esforzo de formación individualizada en explotación (Fotografía 3), que proseguirá durante os meses vindeiros.

En calquera caso, viuse a traveso das sesións formativas que existe aínda unha grande dificultade en entender os procesos de apuntes, sobre todo cando se lle da un enfoque máis próximo á contabilidade. Por esta razóns, foi necesario proceder á elaboración dunha nova serie de pantallas no programa, de tal xeito que a introdución de datos se vexa facilitada.



Fotografía 3: Formación a domicilio

Resultados técnico-económicos (fase 4 e 5)

A data de hoxe, a fase 4 esta en proceso. Rematará a finais do mes de febreiro 2010, cando se tiña xa cobrado a última factura do leite do ano 2009, e tras a última verificación individual dos datos.

Por esta razón, a fase 5 non esta iniciada aínda, xa que require que todas as explotacións tiñan introducidos os datos do ano. Prevese terminar con esta fase no mes de marzo do ano 2010.

Isto non quita que xa se mostrou aos participantes o potencial do programa en termos de obter resultados de xeito inmediato. En especial, desenvolvéronse as pantallas de resumos comparativos en períodos definidos polos usuarios (Ilustración 1). Mediante esta nova pantalla, as explotacións poden fixar un período de tempo determinado, e ir vendo os resultados económicos do mesmo período de tempo, pero 12 meses antes. Deste xeito, as explotacións poden, por exemplo, comparar resultados dos meses de febreiro a xullo de cada ano, dende o 2005 ata o 2009; dispoñen así dunha ferramenta de análise comparativa da mesma explotación, e isto de xeito inmediato.




Ilustración 1: Resumen anual en períodos fixados polo usuario

Pola outra banda, o desenvolvemento do proxecto de demostración mostrou a necesidade de aportar datos estatísticos en tempo real. Isto iniciouse coa creación dunha nova función do programa, que permite calcular, nun período dado, para explotacións definidas, o prezo medio do litro de leite. No exemplo (Ilustración 2), ofrécense o prezo do leite (ficticio) de 21 explotacións, de todo o ano 2009.




Ilustración 2: Exemplo de estatística instantánea

Contribucións dos participantes

Un resultado importante do proxecto de demostración procede das contribucións feitas polos produtores. En efecto, a introdución de datos que realizan da pé a multitude de suxerencias para mellorar tanto a forma como o contido, isto é, tanto o xeito de introducir os datos como o tipo de datos a introducir e o seu nivel de detalle.

Ata a data, as principais achegas de forma tiveron que ver con temas gráficos e de manexo das interfaces usuario. En canto ás contribucións sobre contido, foron basicamente suxerencias de introdución de modificacións sobre os rexistros de accións en parcelas e en gando, que permitan un mellor rexistro das operacións realizadas sobre estas dúas compoñentes da explotación.



9.- RESUMO E CONCLUSIÓNS:

- existe grande dificultade para introducir en explotacións calquera operación en rede. Primeiro, pola pouca extensión da cobertura real de banda ancha, e a pouca facilidade de implantar esta cobertura; e segundo, como consecuencia, pola pouca formación dos produtores neste eido.
- Debemos agardar até, polo menos, o mes de marzo de 2010 para poder obter os resultados técnico-económicos, xa que se necesita rematar o ano contábel para poder realizar tal análise.

10.- DATA E SINATURA DO RESPONSABLE: